



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

## **BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE UN/UNHA AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL PARA O CONCELLO DE SOUTOMAIOR 2018.**

### **1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de un/ha auxiliar de policía local, en réxime de contrato temporal por acumulación de tarefas en base ás necesidades que se xustifican no presente expediente. A duración do contrato será de catro meses (prorrogable ata seis meses de acordo co establecido na norma de aplicación) dende a data da sinatura do contrato, cunha retribución total bruta 1.501,36 € ao mes, coa parte proporcional da paga extra incluída.

### **2ª.- SISTEMA DE SELECCIÓN.**

O procedemento de selección realizarase mediante o sistema de oposición libre.

### **3ª. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES:**

Para tomar parte na selección será preciso cumprir os requisitos seguintes na data de remate do prazo concedido para a presentación de solicitudes:

**a)** Ter a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do art. 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto do Empregado Público.

**b)** Ter cumprido dezoito anos.

**c)** Presentación dun certificado médico no que se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifican para a fase de oposición nas presentes bases, e que non se padece enfermidade, nin se está afectado/a por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co desenvolvemento das funcións do posto de traballo. O anterior non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico.

**d)** Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, non obstante o beneficio de rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o/a aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

**e)** Estar en posesión da titulación esixible para os/as funcionarios/as do grupo C2.

**f)** Posuír unha estatura mínima de 1,65 m os homes e 1,60 m as mulleres

**g)** Xustificante acreditativo de ter aboado os dereitos de exame.

Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para a presentación de solicitudes.

### **4ª. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

**4.1.** As solicitudes para participar no proceso selectivo axustaranse ó modelo oficial que figura no Anexo I desta convocatoria e que será facilitado os/as interesados/as nas oficinas xerais do concello, así como na páxina [www.soutomaior.com](http://www.soutomaior.com) e dirixiranse ó Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Soutomaior (directamente ou a través dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). Así mesmo, tamén poderán presentar a súa solicitude electrónicamente a través de <http://soutomaior.sedelectronica.es/>

No caso de que a solicitude non se presente directamente no rexistro xeral do Concello o/a aspirante deberá remitir unha copia da solicitude, na que figure a data de presentación do rexistro correspondente, por correo electrónico ([oficinas@soutomaior.com](mailto:oficinas@soutomaior.com)) ou por fax (986.70.53.33) con anterioridade ó remate do prazo ós efectos de que poida ser incluída na lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

O prazo de presentación de instancias é de **DEZ DÍAS NATURAIS** contados dende o seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no diario “Faro de Vigo” e no taboleiro de anuncios.

Na instancia haberá de manifestarse que se reúnen todos e cada un dos requisitos que se esixen na base 5ª, referidos á data en que termine o prazo de presentación de solicitudes.

**4.2.** Á solicitude uniranse inescusablemente:

- a) Fotocopia do DNI non caducado.
- b) Documento acreditativo da titulación requirida na convocatoria.
- c) Certificado médico nos termos sinalados.
- d) Xustificante acreditativo de ter aboado os dereitos de exame, na contía fixada.

Así mesmo deberá acreditar estar en posesión do Certificado de lingua galega-nivel 3 (CELGA3) ou a súa validación, ou a certificación do curso de lingua galega de iniciación, para estar exento/a da “proba de coñecemento da lingua galega”

**4.3.** Os dereitos de exame serán de 22,65 €uros, que se ingresarán na conta corrente núm. ES68 2080-5457-98-3110101855 A BANCA (Arcade) (oposición auxiliar Policía Local). Unicamente procederá a devolución dos dereitos de exame os/as aspirantes que foran excluídos definitivamente da participación nestas probas. A tal efecto o reintegro realizarase de oficio.

**4.4.** Os erros de feito que puideran advertirse poderán subsanarse en calquera momento, de oficio ou a petición da persoa interesada.

**4.5.** Os/as aspirantes quedan vinculados/as ós datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo unicamente demandar a súa modificación, mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido na base 6.1 para a presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo non se admitirá ningunha petición desta natureza.

## **5ª.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES**

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Sr. Alcalde ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as cós motivos da exclusión, así como lugar e data da celebración das probas e designación do tribunal calificador, resolución que será publicada na páxina web ([www.soutomaior.com](http://www.soutomaior.com)) e no taboleiro de anuncios

do Concello, concedéndose un prazo de DEZ días hábiles para reclamacións e para solicitar a abstención ou recusación dos membros do tribunal. A publicación da referida resolución será determinante dos prazos para efectos de posibles impugnacións, recusacións ou recursos.

A mencionada lista elevarase a definitiva polo transcurso do prazo de reclamacións, se non as houbera. No caso contrario exporase de novo a lista definitiva na mesma forma que a provisional.

### **6ª.- TRIBUNAL CALIFICADOR**

O tribunal que xulgará as probas selectivas da oposición estará constituído da seguinte forma:

Presidenta: A Secretaria-Interventora Adxunta do Concello como titular e un/ha Secretario/a ou Secretario/a-Interventor/a de habilitación nacional, como suplente.

Secretaria: A Secretaria-Interventora do Concello, como titular, e un/ha Secretario/a ou Secretario/a-Interventor/a de habilitación nacional, como suplente.

Vogais:

Tres persoas expertas na materia, designadas pola Alcaldía, de acordo có establecido no art. 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto do Empregado público.

De conformidade co disposto no artigo 4. e) do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, os/as vogais deberán posuír unha titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para acceder ás prazas convocadas e terán voz e voto.

Os/as membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ó Alcalde cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, así como cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente.

O Tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan na aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

### **7ª. PROCESO DE SELECCIÓN DOS/AS ASPIRANTES:**

Realizarase mediante o sistema de oposición:

De acordo co previsto no artigo 47 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, as probas para a selección de auxiliares contratados polos concellos, son as que se describen a continuación.

#### **1. Comprobación da estatura e probas de aptitude física.**

##### **-Comprobación da estatura.**

Ao comezo realizarase o control da estatura dos/as aspirantes. Os mínimos son os que rexen para o ingreso nos corpos de policía local: 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

### **-Probas físicas.**

As probas físicas cualificaranse de apto/non apto. Para obter a cualificación de apto os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

#### 1.1. Potencia tren inferior: salto vertical.

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O/a aspirante colocarse en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará coas dedas a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente coas dedas o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

-Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.

-Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.

-Permítense dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

	18-36 anos	37-48 anos	49 anos ou máis
Homes	41 cm	33 cm	29 cm
Mulleres	32 cm	28 cm	25 cm

#### 1.2. Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé.

Só se permite un intento.

O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos e segundos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

	18-36 anos	37-45 anos	46 anos ou máis
Homes	4'30''	5'00''	5'15''
Mulleres	5'00''	5'30''	5'45''

### **2. Proba de coñecementos.**

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no Anexo I.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso

acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:  $N = (A-F/3)/5$ .

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou non respostadas.

### **3. Coñecemento da lingua galega.**

A proba de coñecemento da lingua galega estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os/as aspirantes, comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo/as ás probas que o Tribunal considere máis adecuadas para tal comprobación. Esta proba cualificarase como apta ou non apta. Os/as aspirantes que acrediten, con carácter previo e do xeito normativamente establecido, posuír o CELGA 3 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, daráselles por superada esta proba coa cualificación de apto/a.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións dos exercicios da fase de oposición.

### **8º.- CUALIFICACIÓN FINAL, RELACIÓN DE APROBADOS/AS E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN**

Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes/as baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, resultando aprobado/a o/a que, obtívase as notas máis altas.

O tribunal formulará á Alcaldía proposta do/a aspirante con maior puntuación obtida.

A resolución de selección será adoptada pola Alcaldía a favor do/a aspirante proposto/a polo tribunal. No caso de que se produza a renuncia por parte da persoa que resulte proposta, o Concello procederá á contratación do/a seguinte aspirante que obtívase maior puntuación.

O/a aspirante proposto para a contratación deberá participar nun curso de formación que desenvolverá a Academia Galega de Seguridade Pública. No caso de non obter a certificación citada procederáse a ter por non superado o proceso selectivo quedando definitivamente excluído. Aqueles/as que xa tivesen participado e obtívesen certificado de asistencia ao dito curso, estarán exentos/as desta obriga por un período de catro anos, de acordó co previsto no artigo 48.2 do Decreto 243/2008, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais.

### **9ª. INCIDENCIAS**

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o previsto nestas Bases.

### **10º.- NORMAS FINAIS**

Para todo o non previsto nestas bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletorio o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de administración local de Galicia, RD 896/1991, RD 364/1995, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

O ALCALDE.,  
**Documento asinado dixitalmente á marxe.**



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

**DILIXENCIA.**- Exténdese, como secretaria, para facer constar que as presentes bases, para a cobertura dunha praza de auxiliar de policía local, asinadas dixitalmente por min, **foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de maio de 2018**

A SECRETARIA  
**Documento asinado dixitalmente á marxe.**

## **ANEXO I (TEMARIO)**

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.

2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.

3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.

4. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.

5. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.

6. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.

7. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.

8. Delitos contra a seguraza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes

9. Lei de seguraza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.

10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguraza.

11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.

12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.